


ZONA



outro teatro é posible

do 1 ao 28 de marzo de 2007



TEATRO | MÚSICA | DANZA | DERIVADOS

NAVE DE SERVICIOS ARTÍSTICOS



NUT TEATRO 4.48 PSICOSE

FEBREIRO 21M 22X 23V 24S | 22,00H || 25D | 20,30H
8 € | tripulación: 4 € | internet: 6 €
TEATRO | GALIZA | ESTREA ABSOLUTA

Elenco: Arantza Villar, Carlos Neira. Texto: Sarah Kane. Dirección: Carlos Neira.

Nut Teatro é unha compañía de recente creación que basea a súa proposta escénica na mestura de fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á performance. É por iso que o resultado final dos seus espectáculos caracterízase pola interdisciplinabilidade e polo achegamento ás diferentes opcións teatrais que hoxe se desenvolven no panorama artístico internacional.

4.48 Psicose é a milimétrica e escalofriante crónica do suicidio que a propia Sarah Kane cometería tres meses despois da súa escrita, a obra de arte final, creatividade en estado puro a través das palabras, da súa dor inmensa, da súa desesperanza. Da súa lucidez brutal. Unha dramaturxia da morte que é toda unha declaración de vitalismo.

O 28 de febreiro de 1967 Gabriel López e a súa familia saían de Montevideo a bordo do trasatlántico Cabo San Roque, rumbo a Barcelona. 35 anos despois o baúl de madeira no que levaban a equipaxe apareceu na rúa Notariat de Barcelona. O baúl convertiuse nun contrabai-xo e o barco que o trouxo deu nome a unha pequena-gran orquestra de 8 músicos e 40 instrumentos de todo tipo, moitos deles de construción propia, feitos a partir de mobles e obxectos atopados, materiais imposible, xoguetes rotos ou botellas de suavizante, unha tropa toda tinxida de xogo, de circo, de feira e de casualidades.

CaboSanRoque preséntanos un concerto no que cinco das súas personaxes comparten escenario cunha lavadora polifónica a cadea de bicicleta: a lavadora da familia Caba, que despois de tantos

CABO SAN ROQUE MÚSICA A MÁQUINA

Concerto para autómatas e orquestra dirixido por unha lavadora.

MARZO 1XOVES | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €

MÚSICA | BARCELONA | ESTREA EN GALIZA

CaboSanRoque en *Música a Máquina*: Roger Aixut, Ramon Garriga, Josep Seguí, Alberto Mezquiriz i Laia Torrents. Deseño do espectáculo, Construcción de autómatas, composición, escenografía e vestuario: CaboSanRoque. Fotografías: CaboSanRoque. Duración: 1h sen pausa.

anos facía máis ruído ca colada. Esta vella lavadora ten a particularidade de interpretar as pezas de roupa que lava: en función do tecido, da cor, das pingas de suor e da suciedade da roupa, aparece unha determinada música. Todo un conxunto de parámetros que a lavadora interpreta e transforma en movemento de engranaxes, cilindros e martelos de

piano que actúan sobre diferentes instrumentos. Sendo así, virán coa roupa sucia e veremos que lles sucede.





LOSCORDEROS.SC **CRÓNICA DE JOSÉ AGARROTADO (menudo hijo de puta)**

MARZO 2VENRES 3SÁBADO | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €

DANZA | CASTELLÓN

Intérpretes: David Climent, Pablo Molinero. Creación e dirección: loscorderos.sc Música: Carles Lopez, Pepe Gómez e Los Cabreros. Iluminación: Anna Rovira, Óscar de Paz. Técnico de escena: Óscar de Paz. Producción: Pilar López. Duración: 55 min.

Loscorderos.sc formouse primeiro por un rebaño reducido, David Climent e Pablo Molinero que, despois de coincidir na Aula de Teatro da Universidade Jaume I

de Castellón e no grupo Visitants e tras traballar para outras moitas compañías (La Danaus, El Teatro de l'Home Dibui-xat, La Fura dels Baus, Sol Picó...) deciden, xa instalados en Barcelona en 2003, levar o seu adestramento conxunto e as súas coincidencias ata a elabo-

ración dunha peza que dea renda solta á necesidade de seguir a traballar e crear xuntos, proxecto ao que se suman Pilar López e Óscar de Paz.

Crónica naceu da necesidade de des-prenderse de todo o artificial e de atoparse sós, cara a cara co público. O punto de partida é unha posta en escena moi activa e todo o real posible. A acción é o que prima, e os elementos utilizados son poucos e clásicos. Esta austeridade escénica outorga á peza rigor e un camiño para acceder ao mundo dos instintos, o mundo animal que todos levamos dentro. A atmósfera íntima que se crea nesta peza, como unha cea ou reencontro, é violentamente sacudida xa desde un principio (aínda que nunca rota) pola contundencia física e verbal dunhas accións e situacións orgánicas realmente auténticas.

Esta é a terceira parte dun traballo iniciado no ano 2001 con Ala Marlon, onde se investigaba a fondo nos sentimentos, a posible marxinalidad destes, o subtexto da propia vida. Para falar de todo iso integrábase a danza, a imaxe, as artes plásticas.... Con *Las Condenadas*, estreada en 2002, indagábase sobre o mundo de dúas mulleres no marco dunha guerra. Guerra exterior, nas rúas. E guerra interior, dentro, no fogar claustrofóbico que habitaban. Unha paixón destructora.

En *Mamaíta, no soy mala*, Mateo Feijoo pretende pechar o tríptico sempre dedicado á muller. É unha vida de lembranzas con trasfondo autobiográfico. Os textos constrúense a partir de entrevistas que a escritora Maite Dono fai á bailarina, Claudia Faci, sobre momentos da súa vida. A partir deses textos aparecen

BALISTIC/MATEO FEIJOO MAMAÍTA NO SOY MALA

MARZO 6 MARTES | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €
DANZA-PERFORMANCE | MADRID

Intérpretes: Claudia Faci, Oscar G. Villegas, Luciana Peryra Agoff, Maite Dono. Vestiario: Gabriela Hilario. Perruquería e Maquillaxe: Cynthia Ioli. Iluminación: Miguel Ángel Camacho. Técnica: Paloma Parra. Música: Maite Dono. Autor/director: Mateo Feijoo.

as imaxes ás que se pon movemento. É a partir do movemento creado na loucura do silencio cando o músico, Oscar Villegas, creou a partitura, que se interpreta e se canta en directo.





JAVIER CORCOBADO EDITOR DE SUEÑOS

MARZO 15XOVES | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €

MÚSICA | ESTREA EN GALIZA

Javier Corcobado (voz e guitarra), Paula Grau (voz, sintetizador e caixa de ritmos), Vera Aca-cio (teclados e guitarra), Jesús Alonso (batería), Salvador Soto (baixo)

Falar de grupos como 429 Engaños, Mar Otra Vez ou Demonios Tus Ojos é o mesmo que falar de Javier Corcobado, músico, poeta, compositor, cantante. Citalo implica referirse aos exercicios musicais máis desgarrados, innovadores e extraordinarios de toda a historia do rock estatal. Corcobado leva máis de vinte anos no mundo da música. Dúas décadas nas que fixo e desfixo distintas formacións

que sempre se caracterizaron por combinar todo tipo de estilos sobre bases rock, non ser nada convencionais, exudar sufrimento e malestar gracias ás letras e á voz obsesiva do seu líder, chegar só a algunhas minorías e ser unha referencia obrigada para moitas bandas de nova creación. Corcobado é un ser inquieto, experimentador, que non se cinxe ás normas e é quen de mesturar sen maiores impedimentos sons e ruídos baixo a súa persoal e angustiada poesía. Agora, dende o seu retiro no deserto de Almería, vén de publicar a súa primeira novela, “El amor no está en el tiempo” e chega a Galiza cun novo traballo debaixo do brazo, carregado de cancións con sabor a bossa, surf, vals, pop...

Este espectáculo está dedicado aos que morren antes de tempo, aos que teñen o atrevimento de matarse. Usa os suicidios das estrelas do Rock and Roll de escenografía invisible e subterránea, onde poder construír un circuíto eléctrico coas nosas pequenas mortes cotiáns, os nosos suicidios pasaxeiros. Entre a maxia e a fatalidade, Agrío Beso observa un mundo de finais iluminados pola historia, no que a traxedia convírtese en arela pública. O asasinato de John Lennon, o suicidio de Ian Curtis, a misteriosa sobredose de Jim Morrison ou a de Camarón, a obesidade de Elvis, finais lendarios que xeraran relixións arredor dunha vida, dunha creación. Agrío Beso acumula finais convertidos en celebracións do perdido, especulando cun mundo mellor e bailando boleros mentres imaxinamos un final ideal, por que non, o final do amor.

AGRIO BESO

Unha proposta suicida de Juan Navarro con Javier Corcobado

MARZO 16VENRES 17SÁBADO | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €

TEATRO | BARCELONA | ESTREA EN GALIZA

Creación: Juan Navarro. Composición musical: Javier Corcobado. Músicos: Javier Corcobado, Paula Grau, Vera Acacio, Ana Stin. Actores: Juan Navarro, Agnés Mateus. Videocreación: Ivó Vinuesa. Dir. Técnico: Fernando Esparza. Vestiario: Nieves Casquete. Constr. Escenografía: María de Frutos.

Juan Navarro naceu nun pobo franquista de La Mancha. Con 12 anos comeza traballar na compañía "Teatro para un instante", percorrendo pobos andaluces e levantinos durante toda a súa adolescencia. Arrastrado pola necesidade de seguir expoñéndose ao público, chega a Barcelona, onde en 1989 se incorpora como actor a "La Fura del Baus", compañía coa que per-

corre o mundo ata 1992. Gracias a unha muller, trasládase a Berlín, cidade na que se relaciona máis co mundo da performance e a música. En 1998 regresa a Barcelona. Durante os últimos 8 anos traballou principalmente con Roger Bernat, Cía General Eléctrica e con Rodrigo García-La Carnicería Teatro, ademais de participar en varios proxectos cinematográficos.





MARCEL·LÍ ANTÚNEZ PROTOMEMBRANA

MARZO 21 MÉRCORES | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €
PERFORMANCE | BARCELONA | ESTREA EN GALIZA

Autor, Performer e Debuxos: Marcel·lí Antúnez Roca. Animación: Liliana Fortuny. Programación: Matteo Sisti Sette. Fotografía: Carles Rodríguez. Vídeo: Francis Gómez de la Cruz. Asistentes Gráficos: Wahab Zeghlache, Emi Martín, Ana Fernández de Sevilla Fontanet, Oriol Corbella, Merlí Borrell, Dídac Valldosera. Atrazzo: Ruth Aleu, Álvaro Sosa. Música: Alain Wergifosse. Modelos: Lucia Egaña Rojas, Emi Martín, Perla Mesa, Giulia Mattioli, Adelaida Antúnez, Àlvar Antúnez, Marcel·lí Antúnez Roca. Joy-dreskeleton: Héctor López. Producción Delegada: Eva Vilaró Móra. Producción Ejecutiva: Lucia Egaña Rojas. Producción: Panspermia SL. En colaboración con: ICIC -Institut Català de les Indústries Culturals-, INAEM, Ministerio de Cultura, d-lab (Dédale /París), Arcadi (París). Duración: 60 minutos.

Marcel·lí Antúnez Roca (Moià, 1959) é internacionalmente coñecido polas súas performances mecatrónicas e polas súas instalacións robóticas. Dende os anos oitenta o seu traballo caracterizouse polo interese do porqué dos desexos do ho-

me. Primeiro desde a performance tribal con La Fura dels Baus, grupo do que foi fundador e co-creador da súa primeira triloxía (Accións, Suz/o/Suz, Tier Mon), e máis tarde en solitario a través dun tipo de obras que propoñen sistemas com-

plexos e que a menudo se convirten en híbridos sen categoría.

Protomembrana é unha lección mecatrónica, en formato performance, para un dreskeleton, un entorno audiovisual interactivo e distintas interfaces dinámicas. O argumento de Protomembrana é unha lección teórica sobre a Sistematurxia, literalmente dramatúrxia dos sistemas computacionais. A performance utiliza, ademáis da narración verbal, a animación gráfica, a música e a iluminación. Todos estes elementos escénicos son tratados como elementos interactivos controlados a través de distintas interfaces. Formalmente, a acción desenvólvese nunha gran pantalla, diante da que se sitúa Marcel·lí vestido con un dreskeleton, a carón dunha mesa de controles con varios ordenadores.

Angélica Liddell, (Figueres 1966) é licenciada en Psicoloxía e en Arte Dramático. Escribe narrativa, poesía e accións, ademais de textos teatrais dos que 13 foron estreados en España, Brasil, Colombia, Bolivia, Portugal, Alemaña e Chile. Dirixe a compañía ATRA BILIS dende 1993, coa que realizou máis de dez montaxes. Recibiu o premio Ojo Crítico Segundo Milenio 2005 pola súa traxectoria.

Coa técnica do ensaio-ficción, preséntase a figura de Pascal Kahn, unha personaxe que experimenta un acontecemento decisivo na súa vida que desestabiliza a súa existencia cotián ata destruíla completamente. Pascal atopa unha nova identidade mediante o siniestro, mediante o medo á morte. Isto déixao nun estado de melancolía profunda, do que non pode fuxir. De ser un estado de áni-

ATRA BILIS BOXEO PARA CÉLULAS Y PLANETAS

MARZO 23VENRES 24SÁBADO | 22,00H

10 € | estud/parado-as: 7 € | tripulación: 4 € | internet: 7 €
TEATRO | MADRID | ESTREA EN GALIZA

Creación, textos e dirección: Angélica Liddell. Intérpretes: Angélica Liddell, Gurmésindo Puche. No vídeo de Pascal Kahn os intérpretes són Gurmésindo Puche (pare), Virtudes Esteban e os participantes no taller de memoria do Centro Social para Maiores Joaquín María López, de Villena. **ATENCIÓN: Aforo moi reducido, convén reservar por adiantado. O público asistente debe traer radiografías, medicinas, análises, historias clínicas, etc.**

mo transitorio, a melancolía convértese para él nunha forma de vida e mesmo nunha forma de pensamento. ¿De qué maneira se pode compaxinar a procura individual da felicidade coa catástrofe da humanidade? Pascal Kahn resolve este dilema conectando a ciencia coa gue-

rra, as células cos planetas, os crimes contra a humanidade coa descuberta de novas especies. Deste xeito realiza un repaso estético polo horror que define os nosos tempos convulsos.





MERCÉ DE RANDE HANA BI (LUME NAS FLORES)

MARZO 28 MÉRcores | 22,00h

prezo único: 7 € | tripulación: 4 €

DANZA-PERFORMANCE | GALIZA

Concepto, coreografía, intérprete : Mercé de Rande. Performance sonora: Xurxo Piñeiro
Iluminación: Fidel Vazquez. Video creación: Mercé de Rande. Montaxe video: giobin + pixi.

Vestuario: Karin Müller la Belle + Amrande producións. Duración: 20 min. aprox.

Agradecementos : Violetta Spataro , Dimitri, Thérèse Nylen.

Víguesa e curiosa da danza, comeza a formación no Conservatorio e Escola Municipal de Danza. Continua en Madrid no Teatro de la Danza, no Forum-Dança de Lisboa e remata no Centro Coreográfico de Toulouse e no Centro de Desenvolvemento Coreográfico de Montpellier.

Traballou con diversas compañías de danza contemporánea en Francia e de teatro en Portugal e Galiza. Actualmente é asistente coreográfica da compañía Sans filtre, (Zürich), e dende outubro 2006 traballa como bailarina no derradeiro proxecto de Incidents Memorables

(Paris), compañía especializada na investigación do eido de aplicación escénica das novas técnicas dixitais. Durante o ano 2007 traballará como creadora asociada á sala NASA.

Pór a verdade boca abaixo. Sair da sombra, da nada, cara a propia contradición, afrontala coma condición inherente ao ser humano. A inversión de valores físicos faise patente durante a primeira parte, negra, que persegue o equilibrio na verticalidade. As *flores de lume*, tradución galega de Hana-Bi e nome común para os fogos de artificio en Asia, efémeras por un estoupido no ceu, están presentes ao longo do solo e acompañan a viaxe no video escénico, permitindo a conexión das convulsións do corpo coa forza intensa e fugaz das explosións.

MERCÉ DE RANDE FIANDO O CAOS

OBRADOIRO-AUDICIÓN DE CREACIÓN EN DANZA CONTEMPORÁNEA

DO 19 AO 24 DE MARZO | de 15,00H a 19,00H
no Laboratorio de Movements (Rua do Medio, Santiago)

Inscripción e matrícula: 100 € | Número máximo de prazas: 10
Información e inscrición: 981 573 998

*Algunha coisa está fóra da orde
fóra da nova orde mundial*
C. Veloso

Dirixido a persoas iniciadas en danza ou en técnicas de movemento e expresión corporal, especialmente aberto a aquelas vindas do mundo do novo circo, así como actores/actrices e músicos/as, co

único requisito de sentirse dispostos a traballar o corpo como instrumento de expresión e creación.

METODOLOXÍA: Traballo a partir da ecuación espazo/tempo (a conexión de cada individuo co seu ritmo interno, as súas posibilidades específicas). Improvisacións temáticas individuais e colectivas. Técnicas empregadas: Body Mind Cente-


ring, Movement Research, Butoh.

OBXECTIVOS: Adecuación dos métodos do obradorio a propia personalidade e bagaxe anterior. Creación de dinámicas e situacións coreográficas en base á reflexión e intelectualización previa ao movemento. Procura da identidade galega a partir de cada un en relación ao desorde mundial.

Todos os integrantes participarán na presentación do traballo final na sala NASA, o 28 de marzo. O obradoiro servirá tamén como audición-toma de contacto para a posible integración dos participantes nunha produción que farán en colaboración a sala NASA e Mercé de Rande e que se presentará en público no mes de decembro de 2007.



ZONA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural



MINISTERIO
DE CULTURA

INSTITUTO NACIONAL
DE INVESTIGACIONES
LINGÜÍSTICAS Y FOLCLÓRICAS

[festivALT.07]

CREADORES
DE
CONCIERTOS

SANLORENZO 51/53 | 15705SANTIAGO | TLF 981573998

e-mail: info@salanasa.com

www.salanasa.com



TEATRO | MÚSICA | DANZA | DERIVADOS

NAVE DE SERVICIOS ARTÍSTICOS